



ACTIVIDADE: PINTURA

A finalidade é que os rapaces se acerquen o mundo das cores, dun modo divertido e lúdico, intentando que desenrolen na medida do posible a súa creatividade, o sentido da cor, das formas y da estética.

Durante todo o curso realizaranse diferentes tipos de exercicios, dende algúns dirixidos, como copia de láminas, exercicios partindo do mundo real, e ata outros máis libres.

No caso das manualidades mostraráselles os exercicios previamente.

Inculcaráselles o cuidado dos materiais e aforro dos mesmos, así como o reciclado.

Obxectivos:

- Contribuír o desenvolvemento persoal dos rapaces.
- Desenvolvemento da sensibilidade, mediante a percepción sensorial e o aumento da súa capacidade de recoñecer as formas, cores...
- Medio de autoexpresión, para que manifesten o que precisan.
- Desenvolvemento da autoestima, e potenciación da súa confianza.
- Desenvolvemento da súa capacidade creatividade, evitando a reprodución mecánica e a copia continuada, procurando que creen obras propias e persoais.
- Desenvolvemento da súa capacidade motriz e control do trazo.
- Coñecemento dalgunhas artistas e términos relacionados co mundo da arte.
- Maior habilidade para os traballos manuais.

Contidos:

- Realizaranse exercicios de cores, formas, e espazos.
- As cores traballaranse partindo das primarias e misturaranse para facer as demais, ensinaráselles cales son as frías e cales as cálidas, para que os nenos as comprendan e perciban mellor.
- Trataranse as diferentes formas e os espazos, nun primeiro lugar a través do corpo, para que saiban ubicalas diferentes partes deste, isto nos máis pequenos, e despois nos diferentes espazos.
- Tentarase traballar con diferentes materiais, e técnicas, procurando cos nenos-as investiguen coas cores, vaian descubrindo que se poden facer numerosos exercicios con diferentes materiais, que observen que ocorre si traballas cunha ou outra técnica, como o colaxe, os acrílicos....etc.

Nesta actividade, non se pretende tanto realizar cadros, no sentido estrito senón que os nenos-as aprendan os diferentes tratamentos que existen e saiban que se poden empregar diferentes tipos de soportes, e sobre todo un intento de que busquen outros métodos para a resolución dos problemas plantexados, para a consecución máis creativa posible do exercicio, e poder contribuír o desenvolvemento da súa sensibilidade artística e persoal.

Os nenos-as deben aprender que o arte non só consiste en facer cadros, senón que vai máis alá, trataremos de crear as nosas cousas, cada un co seu estilo.

MONITORA: Ana Belén Costas Lago

DURACIÓN: 1h 30min.

PREZO:15€/mes